



CONSORCIO: SEN AVANCES NA NEGOCIACIÓN DA XORNADA DAS ESCOLAS INFANTÍS E PROBLEMAS COS SERVIZOS CENTRAIS

A CIG traslada diversos problemas derivados da aplicación do Acordo de Condicións de Traballo de Política Social, á Comisión de Seguimento, ante a falla de resposta por parte do Consorcio.

- Dende a aplicación do Acordo nas escolas infantís do Consorcio, co paso a 35 horas semanais efectivas de traballo, son numerosas as dificultades que se están a dar nos centros para poder desenvolver as funcións que non son de atención directa.
- Logo da circular enviada ás escolas por parte da Xerencia Adxunta con indicación de realizar as 35 h semanais de atención directa, o día 10/05/2024 as direccións das escolas infantís do Consorcio recibiron un documento cunhas orientacións sobre as accións educativas nos centros, indicando a posible organización dos tempos para a planificación, atendendo á realidade de cada centro, sen especificar os tempos dos que dispoñen dentro da xornada para facelo, recaendo a organización do traballo nas propias traballadoras de cada centro, sendo responsabilidade da empresa.
- Non se nos facilitan uns criterios unificados para a devolución do exceso horario do mes de xaneiro.
- Non se nos envía unha nova proposta de horarios, pendente por parte da Administración, logo de solicitala en varias ocasións.

Por outra banda, a CIG solicitou unha xuntanza co Xerente polas dificultades que ten o persoal do Consorcio e a representación sindical da CIG na comunicación cos diferentes departamentos dos SSCC, ben por falla de resposta, dificultades para contactar ou contestacións pouco aclaratorias sobre as dúbidas formuladas, mesmo con actitudes moi reprobables, como faltas de educación e respecto.

